



A ferida

Begoña Paz

O cubo

Ninguén te escoitará, di. Estás soa, di. Es unha puta merda, di, non tes dereito á vida, se eu quixese xa estarías morta. Quizais o esteas, quizais morrer sexa isto, estar no escuro, sen saber que día é, cómo tempo levas aí, envolta no teu sudario de dor, saber que estás viva polo olor a feces e a ouriños, polo rozamento húmido dos excrementos dentro das túas roupas, polo sufrimento insoportable que invade o teu corpo coma un cancro, un pensa en morrer, acabouse a dor, morrer, acabouse a súa voz, morrer, acabouse a luz que che dana os ollos cando el abre a porta e levanta o teu corpo do chan a patadas. Sería tan inxusto que morrer fose isto, case agradeces esa man que abre a porta á luz só para golpearte, iso quere dicir que estás viva, que a morte non é este pozo de dor infinita que che fai desexar que el entre de novo e se faga a luz e a súa man te golpee unha e outra vez ata a morte, porque a morte si é a saída a morte si é a saída, repítete unha e outra vez, a morte si é a saída a este abismo de dor que é o teu corpo que te abrasa e se sacode e xeme sen que poidas controlalo, hai unhas horas era teu, agora é só un envoltorio defectuoso, un envoltorio que te encerra e que te oprime e que latexa ao teu derredor, por favor que se abra a porta, por favor que se faga a luz, por favor que a súa man volva golpearte, que poidas abrir os beizos inchados e dicirlle onde, como ten que facelo para rematar dunha vez con toda esta dor, es tan inútil, berraríaslle, necesitas axuda, berraríaslle, é que non sabes como facelo, berraríaslle. Pero intúes que el si sabe, el é un experto, lembrás a frialdade, a sabedoría dos primeiros momentos, as súas acusacións, o teu desconcerto, as súas acusacións sen descanso, o cinto sobre o sofá, as súas acusacións esixindo unha resposta, a labazada que che impide defenderte, as súas acusacións absurdas, interminables, as súas mans arrastrándote polos cabelos, as súas acusacións cada vez máis irrealis, el colle o cinto, tentas escapar, el golpéate nas nádegas, tentas berrar, el sorrí, incrédulo, pechas os ollos e segues a ver o seu sorriso ata que a choiva de golpes te empapa e te nubra e todo remata. Ata que se fai a luz e todo volve empezar.

O timbre da porta. Voces, pasos, risos apagados. Ao outro lado, na luz, el goza da súa vida sen dor, coma se nada pasase, coma se ti non estiveses alí, no escuro, tentando articular unha palabra que delate a túa presenza, que te rescate dese pozo do que el nunca te liberará, sábelo, el quere que sufras, é un verdadeiro artista da dor, non matar, só dor, con cantas se adestraría ata chegar a ti. Tentas incorporarte, alcanzar ás apalpadas o pomo da porta, pero o teu corpo non responde, ese envoltorio escachizado non responde, o teu torso cae, a túa cabeza golpea a porta ao caer, xa non hai risos ao outro lado, só uns pasos apresurados e a porta que se abre e se fai a luz e é el que te maldí e te pateia, é el que te leva a rastro ata o salón, o seu amigo bebe unha cervexa recostado nunha cadeira de brazos, ao verte incorpórase dun salto, queres dicirlle tantas cousas, pero só podes emitir un gruñido que fai brotar un fío de sangue dos teus labios secos e golpeados, el di, preséntoche á miña moza, ¿non saúdas, rula?, levántate coma a unha moneca colócate no sofá ponte as mans sobre o colo, a imitación da perfecta anfitrióna, é tanta a dor, fronte túa o seu amigo sorrí, nervioso, debes estar tan graciosa, co corpo morado o rostro ensanguentado as roupas feitas farrapos, tréménlle os beizos, como a puxeches, el pásache un brazo polos ombreiros, a túa pel vai reventar de noxo e de dor, o que merece, deille só o que merece, o seu amigo pregúntalle sen mirarte, ¿está ben?, coma se non existises, claro que está ben, ¿verdade?, prémeche o ombro cunha man, a dor faise tan intensa que se che escapa un xemido, ¿velo?, di el, coma se o teu sufrimento fose a proba palpable de que estás ben, de que nunca estiveches mellor, o outro aparta a mirada, remata a cervexa dun grollo, mellor voume, deixa a botella sobre da mesa do salón, cabe o cinto, volve cando queiras, tentas berrar, o cinto, por favor, non me deixes aquí, o cinto, pero apenas emites un lamento e el preme o teu ombro facéndoches cada vez máis dano, vémonos, vémonos, a porta péchase e quedades de novo os dous sós.

Vou darche outra oportunidade, di, quero darche outra oportunidade, di, abre as pernas, di, así, moi ben, di. E ti abres as pernas e deixas que o seu sexo entre no teu sexo, só queres que este pesadelo remate, por iso tentas facer todo o que che pide, móvete, abre a boca, dimo, oh si, dimo, pero o peso do seu corpo sobre o teu faiche dano, as súas mans amasando os teus peitos doridos fanche dano e xemes, e el xeme sobre ti, tentas apartalo, a dor fai que tentes apartalo, non a repugnancia nin o odio nin o medo, tentas apartalo e el enfádase, enfádase cada vez máis, e todo volve comezar, el si che gusta, con el si o pasas ben, para el si te

moves, a el si llo dis, verdade, verdade, ata que sentes o seu sexo flácido sobre o teu ventre mentres os seus puños baten no teu peito, na túa cabeza, el si, el si, el si...

As voces. Distantes, irreais. Pisadas, a porta, alguén se encrequena xunto a ti, axúdache a incorporarte, é el quen te levanta e te peitea coas mans, quen intenta acomodar as aldraxes nas que se converteron as túas roupas, quen se lambe a man e cha pasa pola cara, os seus dedos olen a tabaco, que saliva podería borrar as mancaduras os morados, lévate a rastro ao baño, mentres alguén non para de petar na aldraba do portal, mentres os berros de eses homes entran pola fiestra aberta, el móllache a cara e o pelo e tenta peitearte, as pugas do peite crávanse no teu coiro cabeludo, ten coidado, ten moito coidado, ten tanto medo, agora é el o que ten medo, a ver que contas, que mentiras contas, tenta meterche a camiseta por dentro dos pantalóns, non te fuches porque non quixeches, porque sabías que eu tiña razón, todo o fixen por ti, porque te quero, ti sabes o que te quero, ti non me querías, por que non me querías?, el ten razón, non o querías, cando menos non como el te quere, con esa rabia, esa tolemia, ti nunca sentiches esa necesidade de machucar, de despezar, de demoler, nunca lle desexaras tanta dor, para que dicirillo, xa non lle tes medo, non deixa de ser absurdo que tanta dor xerese este desprezo absoluto, míralo e velo tan pequeno, míralo e velo tan fráxil, tan inxenuo, está tan tolo, pensa que a dor te venceu, como che podería vencer se a dor é a morte a dor é a morte, que máis te podería facer, como podería ir máis alá, pero el interrómpe, el levántate e arrástrate, repetindo unha e outra vez ten coidado, ten moito coidado, non contes mentiras sobre mi, se que me queres facer dano, por que me odias tanto?, eu quíxente sempre, que vas contar de min, ten moito coidado, mentres te arrastra ata a porta a abre e te empurra ao outro lado e logo pecha a porta, estás soa sobre o chan de madeira, soa, oes a súa voz ao outro lado da porta, ten coidado, ten moito coidado, nunha ladaíña que se vai apagando ata que vos quedades sós ti a porta os chanzos desgastados, tentas incorporarte pero non podes, a aldraba segue a bater na porta, as voces deses homes acompañante no teu camiño escaleiras abaixo, primeiro as pernas, o teu corpo que xeme e se sacode ante cada aresta desgastada que se crava na túa carne mancada, os pés que colgan sobre os chanzos, as mans agarrotadas que se suxeitan como poden a cada bordo, a cada greta, a cada barroto, canto tempo, cantos chanzos, cantos laios ata que á fin chegas abaixo, ao frío chan de lousas e elevas a man e abres a porta e faise a luz, definitivamente faise a luz, e a voz deses homes envólvente tan cálidas nos seus berros de horror, mentres tentas facerte entender entre saloucos: Non me venceu, estou viva, sobrevivín.